



INFORME RESPONSA NA FASE DE CONSULTAS DO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

ANTECEDENTES

A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, mediante correo electrónico de data 13/06/2018 comunicoulle á Axencia Galega de Infraestruturas a posta a disposición do borrador e o documento ambiental estratéxico do seguinte plan:

Nome do plan: Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Redondela

Promotor: Concello de Redondela

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2018AAE2177

Código web: 2107/2018

co obxecto de sometelo a consultas, segundo establece a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establecendo o prazo para dita consulta ata o día 13/08/2018 e solicitando que se lle envíen as observacións e suxestións que considere oportunas en relación ós posibles efectos ambientais significativos do citado Plan.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de Solo de Galicia

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, do 26 de maio.

Orde circular 2/2017, pola que se regulan os accesos na rede autonómica de estradas de Galicia.

Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

ESTRADAS AFECTADAS

As estradas autonómicas que discorren no ámbito ao que se refire este Plan son as que se amosan na seguinte táboa:

Código	Denominación	Categoría
PO-250	Redondela - Forzáns (PO-255)	S
PO-323	Chapela (N-552) - Vigo	S
PO-363	Redondela - Praia de Cesantes	S



INFORME

Anéxanse a este informe os criterios de ordenación e as distancias mínimas que, con carácter xeral, esta Axencia considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e a axeitada protección do dominio público viario.

Con carácter excepcional poderán admitirse reducións extraordinarias das distancias indicadas para as aliñacións de viario e de edificación, que afecten a solo urbano ou de núcleo rural, nos seguintes casos debidamente xustificadas:

- Para manter as fronteas consolidadas conformadas por un número significativo de edificacións.
- Para manter fóra delas as edificacións ou muros tradicionais, así coma outros elementos patrimoniais protexidos.

Deberá de terse en conta asemade o indicado nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, en particular as seguintes:

- A determinación excluínte 3.1.5.d, que indica que os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico “priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior”, e que “asemade, evítanse os crecementos ó longo das vías de comunicación”.
- A determinación excluínte 3.1.10, que indica que “co fin de evitar crecementos lineais, os planeamentos municipais deseñarán á escala pertinente os viarios internos dos núcleos nos que será posible consolidar novas edificacións”.
- A determinación orientativa 4.1.8, que indica que “o acceso ás parcelas resultantes dos novos desenvolvementos urbanísticos deberá realizarse a través de estradas cando menos de rango local”, e que “as conexións coas estradas supramunicipais coordinarase coa administración titular da vía”.

Deben recollese as afeccións acústicas para as vías de titularidade autonómica. A día de hoxe non hai servidumes acústicas declaradas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia (segundo o artigo 6 do Decreto 106/2015 deberán estar declaradas antes do 31 de decembro de 2020). A estrada PO-323, dada a súa IMD, foi incluída na elaboración dos Mapas Estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios da segunda fase (2012) en aplicación da directiva comunitaria 2002/49/CEE. A citada documentación está dispoñible para a súa descarga na páxina do MAGRAMA no seguinte link <http://sicaweb.cedex.es/>

Na actualidade estase a elaborar tamén o Plan de Acción contra a Contaminación Acústica na RAEGA. Namentres, na elaboración do PXOM, **ademais da información dos mapas**, deberá incluírse na parte normativa as seguintes limitacións de uso derivadas do ruído, co seguinte texto:

“Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento”.





Finalmente, o Plan adaptarase á normativa sectorial indicada no apartado fundamentos xurídicos deste informe, e no seu caso, aos proxectos de trazado, anteprojectos, proxectos de construción e proxectos sectoriais da rede viaria, aprobados por esta Axencia e que lle afecten dentro do seu ámbito territorial.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente:
Sonia Sánchez Carbajales
Xefa do Servizo de Planificación

Asinado dixitalmente:
Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Planificación e Proxectos

